

Criterios para determinar a oferta de materias de libre configuración non obrigatorias e específicas

1. Proporcionar información axeitada ao alumnado e ás familias dos itinerarios elaborados e ofertados polo centro. Isto faise poñendo publicamente na páxina web do centro os impresos de matrícula de cada curso. Tamén cando Orientación fai unha previsión da matrícula para o vindeiro curso ao final de cada curso académico.
2. En 1º e 2º da ESO prevalecerán os criterios para a elaboración de grupos atendendo aos informes de Orientación, de Convivencia e do profesorado titor sobre a escolla dalgunha materia de libre configuración autonómica non obrigatoria concreta.
3. Como idea xeral intentarase dar saída a todas aquelas peticións que solicite o alumnado e teñan o número mínimo legal para ser impartidas. Non obstante, hai certas condicións que poden impedir que todo o alumnado que solicitou unha materia a curse:
 - a) Demanda excesiva que conleve a necesidade de duplicar a materia;
 - b) Disponibilidade de profesorado, en xeral, ou de profesorado especialista, en particular;
 - c) Disponibilidade de recursos materiais do centro.
4. O criterio aplicable para seleccionar ao alumnado no caso de que haxa unha demanda excesiva nunha materia específica ou de libre configuración será, seguindo orde descendente ata completar o máximo legal:
 - a) Alumnado que non ten opción de elixir outra materia;
 - b) Anterioridade no momento de realizar a matrícula.
5. A tales efectos cabe lembrar que o número máximo de alumnado é de 30 na ESO e 33 en Bacharelato.
6. No caso de que un alumno ou alumna non poda cursar a materia que quere asignaráselle a primeira que se poda en base á orde que estableceu no impreso de matrícula.

APROBADO NO CONSELLO ESCOLAR O DÍA 30/07/2018